


COGAMI

EMPRESARIAL

INFORMACIÓN DE
SOSTIBILIDADE
Memoria anual 2021




COGAMI

EMPRESARIAL



Índice



1. Carta do presidente.....	4
-----------------------------	---

2. Que queremos compartir con vós.....	6
--	---

3. Coñécenos: COGAMI Empresarial.....	8
3.1 COGAMI Empresarial dunha ollada.....	10
3.2 As nosas unidades de negocio.....	11

4. Momentos destacados do noso 2021.....	24
4.1 Un ano de incerteza e progresiva recuperación.....	26
4.2 Fortalecendo a nosa madurez dixital.....	31
4.3 Hornos de Lamastelle, sentando as bases para un novo futuro.....	33
4.4 Afianzando a nosa presenza no territorio galego.....	34

5. Aportamos valor.....	36
5.1 Grupos de interese.....	37
5.2 Aspectos materiais.....	39
5.3 As nosas persoas.....	41

5.4 Creación de emprego.....	43
5.5 Formación.....	44
5.6 Igualdade de xénero.....	45
5.7 Seguridade e saúde.....	46
5.8 Rede de Creación de Valor.....	48
5.9 2021: un ano de actividade social.....	49
5.10 Contribuíndo aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.....	51
5.11 Cálculo do Valor Social.....	53
5.12 Compromiso coa contorna.....	55

6. Gobernanza.....	58
6.1 Código ético e de conduta.....	60

7. Principios sobre os que se asenta esta memoria.....	61
7.1 O compás dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.....	64

8. Anexos.....	65
----------------	----

1

Carta do Presidente

Queridas amigas e amigos,

O ano 2021 iniciaba con expectativas dunha pronta recuperación neste segundo ano de impacto do COVID-19, porén a realidade que nos agardaba resultou ser realmente complexa, mesturándose as diferentes vagas do virus coas tensións na economía global que, por suposto, tivo e ten repercusións no eido local, evidenciándose e sendo preocupantes, os seus efectos nas persoas con discapacidade.

*Son tempos de incerteza económica e social que están poñendo a proba as nosas capacidades como sociedade. E neste contexto, podo dicir con orgullo, que esta gran iniciativa que é **COGAMI Empresarial** demostrou, unha vez máis, a súa solvencia e robustez como proxecto empresarial, sendo a diversidade de servizos e produtos que ofrecemos unha das nosas fortalezas.*

[102-14]



Para moitas das nosas empresas o ano 2021 foi un ano de transición e adaptación, ou como se adoita dicir, fixemos da necesidade unha virtude. Así, cabe subliñar a consecución de novos contratos de servizos estratéxicos; varias iniciativas ampliaron a súa carteira de clientes e potenciaron novas canles de venda debido aos constantes cambios no mercado; asentáronse as bases para o desenvolvemento de potenciais novas liñas de negocio e impulsamos sinerxías internas co propósito de xerar un maior valor e oportunidades. Hai que destacar tamén os investimentos realizados na adquisición de bens e maquinaria, destinadas a mellorar a capacidade de resposta ás demandas do mercado, e avanzar cara á transición dixital, a eficiencia e a sostibilidade, ámbitos polos que seguimos apostando co afán da mellora continua.

*Porén, os investimentos, as novas liñas de negocio ou os resultados económicos son só un medio, non un fin en si mesmo, dado que **COGAMI Empresarial** xorde co propósito de impulsar a xeración de emprego e a inclusión social e*

*laboral das persoas con discapacidade en Galicia. Por iso, o máis importante para nós son as máis de setecentas persoas que desenvolven a súa actividade profesional neste proxecto e que contribúen a demostrar que existe outra maneira de facer as cousas. Os nosos once Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social que compoñen **COGAMI Empresarial**, forman parte da familia da Economía Social de Galicia e o valor social que xeramos alí onde estamos presentes, multiplica de maneira exponencial o simple balance contable das nosas empresas.*

*E como non podía ser doutro xeito, quixera rematar estas liñas agradecendo a todas as persoas que forman esta gran familia o traballo realizado, animándovos a coñecer a actividade de **COGAMI Empresarial**, así como os impactos e vínculos positivos que xeramos coa nosa contorna.*

Unha aperta.

Anxo Queiruga Vila. Presidente de COGAMI Empresarial.

“O máis importante para nós son as máis de setecentas persoas que desenvolven a súa actividade profesional neste proxecto.”



2 QUE QUEREMOS
COMPARTIR
CON VÓS

2

Que queremos compartir con vós

*Un ano máis, dende **COGAMI Empresarial**, queremos facervos partícipes dos fitos e actuacións máis significativas para as nosas empresas durante o ano 2021.*

*Esperamos que este documento aporte información que permita coñecer de maneira integral a nosa Organización, é dicir, que non só se fai referencia a indicadores económicos de relevancia, senón tamén a como nos relacionamos coa contorna, coa comunidade da que participamos, e coas persoas que forman parte deste gran proxecto que é **COGAMI Empresarial**.*

Desta maneira, por terceiro ano consecutivo presentamos esta memoria anual que pretende dar resposta a dous obxectivos complementarios; por unha banda, reforzar o noso compromiso coa transparencia e rendición de contas coa sociedade e os nosos grupos de interese; e por outra, para que sirva como elemento que axude á reflexión interna sobre estratexias, procesos de xestión e propostas de mellora.

Esperamos que ao longo das seguintes páxinas, poidas coñecer con máis detalle a nosa implicación e compromiso na aportación de valor dentro da economía social de Galicia.

Ante calquera cuestión relativa á información e datos contidos nesta memoria, podes contactar con nós en:

ges@galegadeeconomiasocial.gal





3

COÑÉCENOS:
COGAMI
EMPRESARIAL

3

Coñécenos: COGAMI Empresarial

A misión de **COGAMI** (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), como entidade social, é a plena inclusión das persoas con discapacidade a través da defensa e promoción dos seus dereitos e a reivindicación do cambio social. Neste contexto, a creación de emprego recoñécese como panca fundamental para a consecución destes obxectivos. Así, no transcurso dos últimos vinte anos, foron xurdindo diferentes iniciativas empresarias que compoñen **COGAMI Empresarial**, acreditando a día de hoxe a súa solvencia e sostibilidade no tempo.

Como Grupo, tamén participamos activamente en agrupacións e asociacións vencelladas á economía social como pode ser a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais sen Ánimo de Lucro (**CEGASAL**) ou o Foro pola Economía Social Galega.

“A creación de emprego recoñécese como panca fundamental para a plena inclusión das persoas con discapacidade e a promoción dos seus dereitos”



A figura de **Centro Especial de Emprego de Iniciativa Social (CEEIS)** atópase recollida na Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa inclusión social, debendo ter as seguintes características:

- Teñen como obxectivo principal realizar unha actividade produtiva de bens ou servizos asegurando un emprego remunerado para as persoas con discapacidade e son o medio de maior inclusión destas no réxime de emprego ordinario.
- Os seus cadros de persoal compóñense, como mínimo, dun 70 % de persoas con discapacidade.
- Están promovidos e participados en máis dun 50 % por unha entidade sen ánimo de lucro ou que teña recoñecido o seu carácter social nos seus estatutos.

3.1

COGAMI Empresarial dunha ollada



Facturación:
24.385.745,76 €

Resultado da explotación:
1.289.361,20 €

Investimentos realizados:
4.545.384,85 €



Mulleres: **236**

Homes: **475**

TOTAL: 711



Persoal con
discapacidade:

85,5 %



Nº contratos
indefinidos: **489**

Nº contratos
temporais: **222**



Nº total de
horas de
formación: **2.739 h**

Mulleres: **24 %**

Homes: **76 %**

* Os datos que aquí se recollen son un agregado de todas as iniciativas empresariais que compoñen COGAMI Empresarial.

3.2

As nosas unidades de negocio



3.2.1

Galega de Economía Social

Galega de Economía Social (GES) actúa de **empresa matriz de Grupo Empresarial de COGAMI**. É a entidade a partir da cal se impulsan as políticas e estratexias que afectan a todo o Grupo, realizando tamén o labor de control das unidades de negocio. Ademais, tamén ofrece apoio en consultaría e asesoría ás empresas en diversos ámbitos: laboral, recursos humanos, económico-financeiro, prevención de riscos laborais, calidade, comunicación e estratexia de negocio.

2021 ■ Máis alá da actividade principal de **GES**, centrada en camiñar da man do resto das empresas dando respaldo ás necesidades operativas do día a día, dende a matriz, tamén se fixo seguimento da implantación dos plans de igualdade vixentes nas empresas, impulsouse o "Protocolo de prevención e actuación do acoso no traballo" de aplicación conxunta, deuse apoio para a consecución de novos certificados de calidade, e coordináronse diversos proxectos como o destinado ao cálculo do valor social, ou os centrados na mellora das capacidades competitivas das nosas empresas.



Mulleres: 14

Homes: 10

TOTAL: 24



Persoal traballador con discapacidade:

70,8 %



Nº contratos indefinidos: 23

Nº contratos temporais: 1



1 centro de traballo

Santiago de Compostela



3.2.2 Dixardín

Dixardín ofrece **servizos integrais de xardinería e paisaxismo** dirixidos tanto ao cliente público coma privado. Grazas á súa dilatada experiencia, busca ofrecer solucións aplicando os principios de sostibilidade e accesibilidade universal nos seus traballos.

2021 O ano 2021 para **Dixardín** estivo marcado pola tendencia positiva do ano anterior no que se refire á carga de traballo e ampliación de actividade. Aínda así, a realidade provocada polo incremento dos custes da enerxía e os combustibles, fixo que as marxes de explotación se axustaran de forma considerable, especialmente cara ao último trimestre do ano.

Por outro banda, tamén foi un ano no que se asentaron as bases para o seu posicionamento como actor de referencia en solucións vinculadas á compostaxe e a valorización de biorresiduos.



Facturación:
1.259.205,58 €

Resultado da explotación:
79.671,80 €

Investimentos realizados:
66.476,51 €



Mulleres: **7**

Homes: **44**

TOTAL: 51



Persoal traballador con discapacidade:
78,4 %



Nº contratos indefinidos: **42**

Nº contratos temporais: **9**



ISO 9001
e 14001



3 centros de traballo

Ames, Arzúa e Carballo



+ 500.000

m² de superficie traballada



MEDIO AMBIENTE

3.2.3

Coregal

Coregal céntrase na **xestión integral de residuos non perigosos** na procura de acadar a máxima redución, reutilización, reciclaxe e valorización dos mesmos, aliñando os seus servizos cos principios da economía circular.

2021 O mantemento duns altos prezos no mercado do papel, o cartón e os plásticos destinados á reciclaxe e a ampliación de servizos prestados, fixeron que Coregal acadara en 2021 un dos mellores resultados contables dos últimos anos.

Á metade de ano comezou a funcionar a nova eco-planta de reciclaxe en Mos (Pontevedra), un espazo máis amplo e moderno que o anterior e que seguirá xestionando principalmente plásticos procedentes da industria da automoción. Tamén se comezou a recollida da fracción orgánica nalgúns concellos, ampliando o servizo prestado encamiñado a unha xestión integral dos residuos e ás potencialidades que ofrece a economía circular.

Neste 2021, comezou a desenvolver unha nova liña de sensibilización ambiental dirixida a fortalecer a concienciación sobre a necesidade de separar correctamente os residuos, unha nova actividade salientable no eido da economía circular.



Xestión integral de residuos



Facturación:

9.764.791,99 €

Resultado da explotación:

902.284,65 €

Investimentos realizados:

317.476,01 €



Mulleres: **18**

Homes: **177**

TOTAL: 195



Persoal traballador con discapacidade:

88,7 %



Nº contratos indefinidos: **150**

Nº contratos temporais: **45**



ISO 9001, 45001
e 14001

4 centros de traballo



**Santiago de Compostela,
Boiro, Carballo e Mos**

11 puntos limpos



MEDIO AMBIENTE

3.2.4

Trameve

Trameve é un **Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos Fóra de Uso (VFU)** por sinistro ou fin de vida útil. Conta cunhas instalacións de 14.400 m² localizadas na contorna de Santiago de Compostela.

A súa actividade focalízase en realizar procesos seguros e respectuosos co medio ambiente, aliñados cos principios da economía circular e promovendo a reutilización de pezas e fomentando, ao mesmo tempo, a xestión responsable dos residuos.

2021 A actividade de **Trameve** continuou estando afectada polo COVID-19, obrigando a extremar as medidas de hixiene á hora de atender ao público. Tamén supuxo un cambio no patrón de consumo xa que as consultas iniciais sobre as pezas se realizaban a través de mensaxería instantánea (WhatsApp), rematando o proceso de compra de xeito presencial. A empresa logrou manter a súa actividade no marco da normalidade, afianzando o seu posicionamento como provedor de referencia de pezas de vehículos na súa área de influencia.



Facturación:
479.527,47 €

Resultado da explotación:
87.355.29 €

Investimentos realizados:
25.647,37 €



Homes: **11**



Persoal traballador con discapacidade:
84,6 %



Nº contratos indefinidos: **11**

Nº contratos temporais: **0**



ISO 9001 e 14001



1 centro de traballo

Santiago de Compostela



Pezas vendidas: **10.692**



MEDIO AMBIENTE

3.2.5

Cualicar

Cualicar é unha empresa dedicada á **venta de vehículos seminovos**, cunha antigüidade de entre 0 a 3 anos e cunha quilometraxe inferior a 50.000 km.

2021 ■ **Cualicar** é unha marca de recente creación, finais de 2019. Durante os primeiros anos de actividade, as vendas concentráronse na comunidade galega. Non por iso, e tamén influenciado pola crise xeralizada no sector do automóbil e a pandemia, Cualicar pechou en 2021 o 61 % das súas vendas fóra de Galicia grazas ao fortalecemento da dixitalización e aos canais na rede, encamiñándose, deste xeito, cara a un mercado máis amplo e diverso.

Cualicar
seminuevos



Facturación:
477.707,34 €

Resultado da explotación:
-6.918,44 €

Investimentos realizados:
169,23 €



Mulleres: **1**
Homes: **1**
TOTAL: 2



Nº contratos indefinidos: **2**
Nº contratos temporais: **0**



1 centro de traballo
Santiago de Compostela



Vehículos
vendidos: **31** unidades
Vehículos vendidos
fóra de Galicia: **22**




AUTOMOCIÓN

3.2.6

Grafinco

Grafinco está **especializada no deseño e impresión**. Tamén ofrece unha ampla gama de produtos gráficos sobre todo tipo de soportes e a venda de material de oficina a través da súa web. A escoita activa das necesidades do cliente, unida a unha longa traxectoria no sector son a base para acadar o mellor resultado: dende a idea inicial ata a impresión final.

2021 Neste ano, **Grafinco** realizou inversións para engadir ao seu catálogo de produtos unha nova liña adicada ao packaging de pequeno formato que está a ter unha acollida moi positiva no mercado.



% DISTRIBUCIÓN DA ACTIVIDADE DE GRAFINCO SEGUNDO O TIPO DE SERVIZO

grafinco
UN PUNTO DE IMPRESIÓN



Facturación:
677.674,04 €

Resultado da explotación:
-32.569,53 €

Investimentos realizados:
109.556,61 €



Mulleres: **2**

Homes: **11**

TOTAL: 13



Persoal traballador con discapacidade:

92,3 %



Nº contratos indefinidos: **12**

Nº contratos temporais: **1**



Certificación FSC®
(Forest Stewardship Council)



1 centro de traballo

Lugo



ARTES GRÁFICAS

3.2.7

Accede Social

Accede Social ofrece **servizos de transporte adaptado** posibilitando a mobilidade de grupos de persoas con discapacidade ou en situación de dependencia.

2021 En 2021 **Accede Social** sufriu importantes cambios na reestruturación dos seus servizos e cadro de persoal. Isto foi debido á finalización de concursos que se viñan realizando nos últimos anos e á adxudicación de novos contratos en áreas que permitirán unha maior eficiencia dos recursos dispoñibles. Durante este ano tamén se traballou sobre modernizacións e adquisición de novas matrículas, recollidas no Plan de Inversión de vehículos da empresa, e que serán unha realidade no vindeiro ano.

Ademais, púxose en marcha unha nova liña de actividade dirixida á formación e capacitación de persoal.



Facturación:
1.189.641,57 €

Resultado da explotación:
-12.663,16 €



Mulleres: **20**
Homes: **41**
TOTAL: 61



Persoal traballador con discapacidade:
85 %



Nº contratos indefinidos: **37**
Nº contratos temporais: **24**



2 centros de traballo
Mos e Santiago de Compostela



Desprazamentos
nas diferentes rutas:
61.254
Persoas beneficiarias
do transporte adaptado:
277



TRANSPORTE DE PERSOAS

3.2.8

Integratex

Integratex é un proxecto froito da alianza con Inditex baseado na **xestión de tendas outlet baixo o modelo de franquía** no marco do seu programa “for & from”. Está composto polas marcas Massimo Dutti, Tempe e Pull & Bear. Nelas, **comercialízase roupa, calzado e complementos**.

- 2021 ■ A actividade de **Integratex** estivo moi marcada polos efectos do COVID-19 pero, pouco a pouco, foron recuperándose as vendas respecto ao ano anterior, aínda sen chegar a cifras previas á pandemia.
- A tenda de Pull & Bear, situada en Ferrol, cumpriu o seu V aniversario e a de Massimo Dutti, en Allariz, reformouse para ampliar o seu espazo comercial para mellorar a experiencia de compra do cliente.

INTEGRATEX



Facturación:
970.694,41 €

Resultado da explotación:
1.105,32 €

Investimentos realizados:
426.744,64 €



Mulleres: **20**
Homes: **4** **TOTAL: 24**



Persoal traballador con discapacidade:
95,8 %



Nº contratos indefinidos: **16**
Nº contratos temporais: **8**



Artigos vendidos:
59.064



3 tendas
1 en Ferrol e 2 en Allariz



RETAIL TEXTIL

3.2.9

Hornos de Lamastelle

Hornos de Lamastelle dedícase á **fabricación e distribución**, tanto dentro coma fóra da Galiza, dunha **gran variedade de tipos de empanada, Tarta de Santiago** con Indicación Xeográfica Protexida, así coma outros **produtos de repostería** en distintos tamaños e formatos atendendo ás necesidades de cada cliente.

2021 Pese ás dificultades derivadas do COVID-19 e á escalada tanto dos prezos da enerxía como das materias primas, especialmente durante o derradeiro trimestre do ano, **Hornos de Lamastelle** mantivo a tendencia de crecemento que está a experimentar nos últimos exercicios, e sentou as bases do que é o seu obxectivo máis ambicioso a medio prazo: a construción dunha planta adaptada ás novas necesidades competitivas. Dentro deste proceso de mellora, inclúe a compra dun solar sobre o que se está a planificar esta nova fábrica.

Neste camiño, durante en 2021 traballouse na mellora da eficiencia dos procesos existentes valéndose de solucións en automatizacións e ferramentas dixitais, así como a definición de novos procedementos de calidade que se adapten aos estándares internacionais máis esixentes, que permitan abordar unha estratexia de internacionalización futura.



Facturación:
5.721.405,15 €

Resultado da explotación:
596.314,78 €

Investimentos realizados:
652.184,46 €



Mulleres: **31**

Homes: **66**

TOTAL: 97



Persoal traballador con discapacidade:

94,8 %



Nº contratos indefinidos: **80**

Nº contratos temporais: **17**



ISO 9001



1 centro de traballo

Oleiros



Por primeira vez, superáronse os:
2 millóns de toneladas forneas



ALIMENTACIÓN

3.2.10

Alentae

Alentae xorde como marca comercial a finais do ano 2020 e centra a súa actividade na **fabricación e venda de máscaras cirúrxicas**.



2021 Como todos os comezos, o ano 2021 estivo marcado por importantes esforzos en inversión co obxectivo de poñer en marcha a actividade. A principios do segundo cuadrimestre, Alentae acada a **homologación e certificación** por parte da **Axencia Española do Medicamento**, posibilitando así a fabricación e venda de máscaras cirúrxicas Tipo IIR, considerado produto sanitario.

Tamén se incorporou como socio da **Asociación Nacional de Fabricantes de Máscaras**, un fito relevante que amosa o compromiso e a necesidade de poñer en valor a produción local deste tipo de produtos.



Facturación:
306.656,59 €

Resultado da explotación:
-342.239,12 €

Investimentos realizados:
2.882.223,72 €



Mulleres: **8**

Homes: **12**

TOTAL: 20



Persoal traballador con discapacidade:

85 %



Nº contratos indefinidos: **9**

Nº contratos temporais: **11**



Máscaras vendidas:

3.844.954 unidades



1 centro de traballo

Bergondo



PRODUTO SANITARIO

3.2.11

Activa Social

Activa Social é unha empresa de traballo temporal cun obxectivo claro dende o seu nacemento: conseguir a igualdade de oportunidades laborais para as persoas con discapacidade. Mediante a sensibilización e capacitación das persoas candidatas, cobren as demandas de persoal das empresas para conseguir que ámbalas dúas partes acaden o seu máximo potencial.

2021 A pandemia continuou a ter un impacto negativo moi directo na carga de traballo de **Activa Social**, que tivo que dirixir os seus esforzos á ampliación da súa carteira de clientes. Tendo como base a súa experiencia e coñecemento do mercado laboral, e tras detectar unha necesidade, puxo en marcha unha nova liña de negocio dirixida a ofrecer servizos de selección de persoal sen discapacidade aos seus clientes.



Facturación:
614.764,14 €

Resultado da explotación:
54.365,50 €

Investimentos realizados:
383,25 €



Mulleres: **13**

Homes: **13**

TOTAL: 26



Persoal traballador con discapacidade:

88,5 %



Nº contratos indefinidos: **4**

Nº contratos temporais: **22**



1 centro de traballo

Santiago de Compostela




TRABAJO TEMPORAL

3.2.12 Combina Social

Combina Social ten como actividade principal dar resposta ás necesidades de empresas privadas e administración pública na **organización e xestión de servizos auxiliares (outsourcing)**.



2021 ■ Malia as dificultades derivadas do contexto provocado polo COVID-19, o 2021 foi para **Combina Social** un ano de crecemento, recuperando a operatividade de servizos existentes e a ampliación da súa carteira de clientes trala consecución de novos contratos tanto con entidades públicas como con clientes privados.



SERVIZOS PRESTADOS POR COMBINA SOCIAL



Facturación:
2.250.857,41 €

Resultado da explotación:
195.850,54 €

Investimentos realizados:
5.465,89 €



Mulleres: **102**
Homes: **85** **TOTAL: 187**



Persoal traballador con discapacidade:
91 %



Nº contratos indefinidos: **103**
Nº contratos temporais: **84**



2 centros de traballo
Santiago de Compostela e Lugo



EXTERNALIZACIÓN DE SERVICIOS



4

MOMENTOS
DESTACADOS
DO NOSO 2021

4

Momentos destacados do noso 2021



4.1


Un ano de incerteza e progresiva recuperación

Moito se falou de que 2021 sería o ano da nova normalidade e da recuperación económica, porén foi un exercicio marcado pola loita continua para facer fronte ás consecuencias do ano anterior e a continua incerteza provocada polas diferentes vagas da pandemia, seguindo presente a través da figura do ERTE nalgunha das empresas. Todo isto, aguilloado polo incremento constante dos prezos do combustible, enerxía e materias primas, especialmente nos últimos meses do ano, provocaron un reaxuste nas marxes de explotación nalgúns servizos e produtos ofrecidos polas nosas empresas.

Así e todo, **COGAMI Empresarial** volveu demostrar, unha vez máis, a súa robustez e solvencia como proxecto empresarial xerador de valor en Galicia, e que a diversidade de iniciativas empresariais que o compoñen é unha fortaleza á hora de afrontar tempos marcados pola incerteza. Por exemplo, a escaseza de materias primas que afectou negativamente a moitas empresas tivo o seu impacto positivo en **Coregal**, ao existir uns altos prezos de mercado para o reciclado do papel e plástico.

Ante esta situación de cambios, varias das empresas fixeron importantes esforzos para **ampliar a súa carteira de clientes** e buscar novos mercados. **Cualicar** vendeu o 61% dos seus vehículos fóra da comunidade galega. Tamén se impulsaron **novas liñas de negocio** como: o deseño e produción de packaging de pequeno formato (**Grafinco**), a formación de persoal acompañante (**Accede Social**), a selección de persoal (**Activa Social**) ou a sensibilización ambiental (**Coregal**). Ademais, asentáronse as bases para aproveitar as oportunidades que xorden da aplicación dos principios da economía circular e a compostaxe (**Coregal**). Tamén foi o ano no que arrancou

a súa actividade **Alentae**, a nosa iniciativa empresarial máis nova, dedicada á fabricación de máscaras cirúrxicas.



* Hornos de Lamastelle volveu á normalidade respecto a situación dos ERTES a partir do mes de abril, Cualicar no mes de outubro e Integratex recuperou a todo o seu cadro de persoal no mes de novembro.

Neste contexto de necesaria adaptación, a inversión en dixitalización e mellora da eficiencia dos procesos, é un aspecto clave na competitividade. Por isto, dende as casuísticas e necesidades de cada empresa do Grupo, estase a investir nas ferramentas e tecnoloxías dixitais precisas que permitan manter actualizados os nosos servizos e produtos ás demandas e tendencias do mercado.


*Ademais, o ano 2021 serviu tamén para **reforzar a cultura da colaboración** entre o persoal das diferentes empresas, creando*



sinerxías impulsadas por proxectos específicos e a aplicación de metodoloxías áxiles para o traballo grupal.

*Por último, é importante destacar tamén que foi un ano marcado pola renovación e consecución de novos contratos públicos que fan que empresas como **Dixardín, Combina Social, Accede Social** ou **Coregal** afiancen a súa presenza no territorio galego.*

A continuación, saliéntanse con algo máis de detalle algúns destes fitos e liñas de traballo.



4.1.1

Alentae certifícase ante a Axencia do Medicamento

O proxecto empresarial de **Alentae**, que comezaba a xestarse a finais do ano 2020, acadou a certificación das súas instalacións por parte da “Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios” a metade de ano, permitindo así a produción e venda homologada de máscaras cirúrxicas Tipo IIR, as de maior capacidade protectora dentro da súa categoría.

A posta en marcha de **Alentae** implicou a formación específica de persoal e a **creación de 18 novos postos de traballo** na contorna de Bergondo (A Coruña), concello onde está sita a planta de produción e que conta con cinco máquinas de fabricación. **Alentae** tamén pasou a formar parte da Asociación Española de Fabricantes de Máscaras, Batas e EPIS, que procura poñer en valor a produción local deste produto estratéxico que nos protexeu converténdose nun elemento imprescindible no noso día a día.



Nesta liña, tamén se abordou un proxecto que leva por nome **Plan para a creación e testeo dunha liña de asesoramento en sostibilidade e accesibilidade universal a concellos**, financiado polo Fondo Social Europeo a través da Confederación Empresarial Española de la Economía Social (CEPES) que busca, aproveitando o coñecemento e experiencia do persoal técnico de catro das nosas empresas, a creación dun equipo de traballo interempresarial que permite explorar novas liñas de actividade atendendo ás catro áreas de intervención da iniciativa. No marco deste proxecto firmáronse acordos de colaboración cos concellos de Muros, Mazariños e Corcubión.



Ramón Sestayo e o alcalde de Corcubión, Manuel Insua, asinando o acordo.




Ramón Sestayo e a alcaldesa de Muros, María Inés Monteagudo, asinando o acordo.

4.2 Fortalecendo a nosa madurez dixital

A transformación dixital permítelle ás empresas axilizar a toma de decisións na xestión, mellorar a súa competitividade e incrementar a rendibilidade dos procesos. Estas ferramentas tamén contribúen no alivio de cargas de traballo máis físicas, ofrecendo oportunidades no ámbito da accesibilidade e adaptación dos postos de traballo; aspecto de gran valor dentro da nosa Organización. Atendendo a estas tendencias e necesidades de transformación continua,

COGAMI Empresarial, de maneira progresiva e constante no tempo, segue a implementar melloras que permitan **avanzar na madurez dixital** da nosa Organización, asentando e facendo sostibles no tempo os nosos modelos de negocio, e contribuíndo a manter a calidade e demandas esixidas aos produtos e servizos que ofrecemos. A continuación, expóñense algunhas das inversións e desenvolvementos levados a cabo nas diferentes empresas:

Empresa	Dixitalización implantada
 alenta	Integración dun módulo de mobilidade para o seu ERP, software de xestión dos recursos da empresa, permitindo o acceso a este de maneira remota por parte de varias persoas á vez.
COGAMI EMPRESARIAL	Actualizacións dirixidas a incrementar a eficiencia e eficacia na xestión e integración dos datos, económicos principalmente, de todas as empresas da Organización. A través dunha única solución, cóbrense todas as necesidades de xestión empresarial, incluíndo ERP, CRM, BPM, SGA, Business Intelligence e xestión documental. Isto constitúe un SIIE (Sistema de Información InterEmpresarial) que permite a integración requirida con todos os axentes da cadea de valor cos que se opera, optimizando todo o fluxo de información que conforman as operacións diarias.
 Xestión integral de residuos	Adquisición dun sistema de Identificación RFGID (Identificación por Radiofrecuencia), 200 unidades de TAG RFID (etiquetas que almacenan a información), e un sistema de GPS e planificación de rutas co propósito de mellorar a eficiencia e eficacia na recollida de residuos e contribuíndo á automatización dalgunhas tarefas e recollida de datos.



- Instalación dun software dirixido á xestión de persoas e a axilizar os procedementos de baixa definitiva de vehículos cos clientes.



- Fortalecemento da presenza nos canais de venda dixitais, permitindo o aumento das mesmas fóra de Galicia.



- Implantación do sistema MES (Sistema de Execución da Manufactura). Con esta ferramenta búscase dar un paso máis no control dixital e instantáneo da produción da fábrica facilitando a toma de decisións en tempo real.
- Programación funcionalidades ERP:
 - Módulo persoas: xunto coa adquisición de lectores biométricos, permite xestionar trámites de RRHH e laborais dos traballadores así coma temas relacionados coa Seguridade e a Saúde.
 - Módulo cadro de mando: control en tempo real dos diferentes parámetros do proceso de produción e, deste xeito, axilizar a toma de decisións.
 - Compras automáticas: control do stock, a compra de materias primas e mercadorías, xerando os pedidos de compra de xeito automático.



- Implementación dun software de control horario multiposto e xeolocalizado que permite a xestión de persoas traballadoras que se atopan dispersas xeograficamente, algo habitual nos servizos ofrecidos dende **Combina Social**. Tamén se incorporou un sistema help desk que permite a resolución de incidencias e dúbidas e a conexión remota aos equipos.

4.3

Hornos de Lamastelle, sentando as bases para un novo futuro

Hornos de Lamastelle continúa levando a cabo actuacións que lle permiten camiñar cara aos obxectivos que expuxera no seu Plan Estratégico 2020-2022, buscando **ampliar a súa capacidade produtiva e chegar a novos mercados**, mantendo o nivel competitivo e de calidade dos seus produtos.

Para acadar estas metas, o ano 2021 foi para **Hornos de Lamastelle** un ano no que se foron asentando as bases para a consecución desta realidade a través da aposta pola dixitalización e a mellora e reformulación dos procesos e procedementos produtivos.

No apartado de transformación dixital, a empresa realizou importantes melloras na integración e automatización de toda a información relevante da empresa (producción, xestión de persoas, vendas e xestión de pedidos) permitindo a toma de decisións en tempo real e con maior eficiencia. Neste ámbito de implantación de novas tecnoloxías e I+D+I, é importante destacar o proxecto *Photonics4Bakery*, do que se forma parte en colaboración co Clúster Alimentario de Galicia, financiado polo Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, e que ten como misión investigar a aplicabilidade en termos de tecnoloxías NIR (Near Infrared, en galego, *Infravermello Próximo*) e HSI (HiperSpectral Imaging, en galego, *Imaxe hiperespectral*) para a mellora da caracterización e análise cuantitativa e cualitativa das materias primas e produtos durante a produción no sector da panadaría. Durante este ano, **Hornos de Lamastelle** participou tamén no Programa Industria 4.0, impulsado pola Escuela de Organización Industrial, que permitiu comprobar que a madurez dixital da empresa está na media da existente no sector.

Convén salientar tamén que, durante este ano e en 2022, **Hornos de Lamastelle** é

beneficiaria dun proxecto financiado por CEPES (Confederación Española de Empresas de Economía Social) a través do FSE (Fondo Social Europeo), estando dirixido á **reformulación de todos os procesos e distribución da planta produtiva**, algo que permitirá á empresa adaptarse aos estándares de calidade máis esixentes no mercado internacional, ademais de posibilitar a realización dun anteprojecto para o que será a nova planta de fabricación ecosaudable, baseada na sostibilidade enerxética e a accesibilidade universal que **Hornos de Lamastelle** pretende poñer en funcionamento. Este estudo permitiu levar a cabo a compra do solar industrial onde se localizará, atendendo aos requirimentos e necesidades detectadas.



4.4

Afianzando a presenza no territorio galego

A principal misión de **COGAMI Empresarial** é proporcionar oportunidades de emprego e mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade en Galicia, xerando valor social na contorna na que opera. Tendo isto en conta, un dos principais clientes cos que traballan algunhas das nosas empresas son as administracións públicas, a través de convocatorias e licitacións públicas, que

nos permiten levar a cabo o noso obxectivo de aportar valor, tanto en áreas rurais como urbanas.

Este ano caracterizouse por un **alto número de novas adxudicacións ou renovacións de contratos de servizos**, posibilitando seguir expandindo as nosas liñas de negocio no territorio galego.

Empresa

Servizos adxudicados



- Servizo de transporte adaptado para persoas usuarias do servizo público de atención diúrna nos centros da Rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar das provincias de A Coruña e Pontevedra.



- Servizo asistencial de atención diúrna e atención residencial no centro de día e centro residencial de Arteixo.
- Servizo de control de accesos en varios edificios municipais de Pontevedra: edificio da rúa Os Ferreiros, Chalet de Fontoira e Casa Azul.
- Impartición do Servizo de Formación para a Inserción laboral para o centro de Promoción de la Autonomía Personal del IMSERSO.

Empresa

Servizos adxudicados




- Servizo de auxiliares nocturnos nos internados dos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal dependentes da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
- Servizo de polifuncionais nas dependencias da Delegación Provincial de A Coruña do Instituto Nacional de Estadística.
- Servizo de control de accesos e portería para o Centro de Negocios, no Parque Empresarial Porto do Molle (Nigrán) e o Centro de Iniciativas Empresariais CIE A Granxa, no Polígono Industrial de A Granxa (O Porriño).
- Servizo aberto de peonaxe no centro deportivo sociocultural militar da armada (CDSCA) El Montón de Ferrol.



- Servizo de recollida de residuos urbanos de A Laracha.



- Servizo de mantemento integral e zonas verdes do Concello de Corcubión.
- Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e da arboreda do Parque de Salgueiriños do Concello de Santiago de Compostela.
- Restauración de céspede natural no campo de fútbol de Lameiro, Concello de O Pino.





5

APORTAMOS
VALOR

5

Aportamos valor

COGAMI Empresarial, a través das súas iniciativas empresariais, forma parte do universo da Economía Social e, como tal, as nosas actividades procuran contribuír a conformar comunidades máis cohesionadas e sostibles. Neste contexto, a **xeración de emprego e a promoción do talento** das persoas con discapacidade son a base sobre a que se distribúe o valor social que aportamos.

Enténdese como Economía Social:

“o conxunto de actividades económicas e empresarias que, no ámbito privado (...), perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ou ben o interese xeral económico ou social, ou ámbolos”.


(Art. 2 da Lei 5/2011, do 29 de marzo, de Economía Social).

5.1

Grupos de interese

Dende esta perspectiva de iniciativas da **Economía Social** promotoras de valor para a sociedade, é preciso ter identificado e coñecer aqueles perfís cos que as nosas relacións son máis estreitas e interdependentes, así como promover canles de comunicación bidireccionais que permitan o intercambio fluído de información coas diferentes partes.

Os soportes e canles de comunicación que usamos son variados e de distinta índole, dependendo do contexto e con quen nos relacionemos. Algúns exemplos son: o diálogo permanente (xuntanzas periódicas), a implantación dun sistema de cumprimento normativo (Compliance) - cunha canle propia de denuncias -, o portal da/o empregada/o e boletíns de noticias, enquisas, entrevistas, grupos de discusión e a participación en foros, ademais desta memoria.



Perfil**Quen son...****Persoas traballadoras**

- Todas as persoas que traballan en **COGAMI Empresarial**, ben sexa na súa matriz, **Galega de Economía Social**, ou nas empresas asociadas.

COGAMI Social

- **COGAMI Empresarial** está vencellada de forma directa co movemento asociativo de **COGAMI** (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), entidade social que ten como obxectivo a plena inclusión das persoas con discapacidade e a defensa e promoción dos seus dereitos, sendo a creación de emprego a panca esencial para o cambio social.

Administracións públicas

- Entidades públicas de diferentes niveis coas que temos relación á hora de incidir sobre a mellora da realidade das persoas con discapacidade.

Familias

- A realidade dalgunha das persoas que traballan con nós fai que o contacto coas súas familias sexa algo imprescindible, alén da relación laboral, para que a mellora na súa calidade de vida sexa real.

Cientes

- Calquera persoa ou entidade, pública ou privada, que adquira un produto ou servizo xerado por algunha das nosas empresas.

Alianzas e colaboracións

- Entidades ou organizacións coas que xorden alianzas coa finalidade de crear valor compartido para as diferentes partes.

Ecosistema da Economía Social

- Agrupacións e asociacións vencelladas á economía social coas que compartimos obxectivos e fins comúns como a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais sen Ánimo de Lucro (**CEGASAL**) e o Foro pola Economía Social Galega.

Centros de coñecemento

- Principalmente universidades e centros tecnolóxicos ou de investigación coas que se dan accións de transferencia de coñecemento.

Empresas proveedoras

- Empresas ás que os diferentes CEEIS mercan ou contratan os seus servizos.

Canle de comunicación

Boletín de noticias.
Portal da/o empregada/o.
Canle de denuncias.
Espazos de consultas e demandas (enquisas, entrevistas, grupos de discusión).

Consello de Administración.
Reunións periódicas.
Servizo de Intermediación Laboral (SIL).

Reunións periódicas.
Consultas técnicas.

Reunións periódicas.

Reunións periódicas.
Entrevistas de valoración.
Canle de denuncias.
Memoria anual.
Redes sociais.

Reunións periódicas.
Memoria anual.

Reunións periódicas.
Memoria anual.
Participación en foros e eventos.

Participación en foros e eventos.
Memoria anual.
Convenios de prácticas.

Reunións periódicas.
Canle de denuncias.
Memoria anual.

5.2 Aspectos materiais

Tan importante como coñecer o perfil das persoas e organizacións coas que interactuamos día a día, é coñecer os seus intereses, demandas e inqúedanzas.

Dende **COGAMI Empresarial** levamos a cabo un proceso de identificación dos aspectos relevantes para a nosa Organización. Para a realización desta tarefa, seleccionamos unha serie de aspectos materiais vencellados á nosa actividade e posteriormente realizamos unha enquisa dirixida tanto ao persoal xerente e de dirección dentro das empresas, como a representantes dos distintos grupos de interese (persoal, clientes, e entidades/empresas aliadas e proveedoras). Isto permitiunos extraer unhas primeiras conclusións e detectar aqueles aspectos sobre os que priorizar o noso

futuro traballo. Este proceso de identificación de aspectos relevantes e escoita de todos os axentes implicados que levamos a cabo por primeira vez no ano 2020, aporta información crítica para nós, polo que temos a intención de reformulalo de xeito bianual co propósito de seguir mellorando.

A matriz de materialidade permítenos visualizar de maneira gráfica a relación existente entre a percepción de relevancia sobre cada aspecto avaliado dende unha perspectiva interna, postos de dirección das empresas e a dos grupos de interese.


Na enquisa enviada tamén se solicitou opinión sobre o desempeño de **COGAMI Empresarial** nos distintos aspectos materiais, detectando aqueles nos que se nos considera un referente, mentres que noutros é percibida unha maior marxe de mellora.



A análise de materialidade é o proceso que se leva a cabo dentro dunha organización para **identificar e definir os impactos económicos,**

ambientais e sociais desta e como inflúen na súa relación cos seus grupos de interese, permitindo formular estratexias a medio e longo prazo que permitan a continuidade e sostibilidade da actividade no tempo.

Tomamos esta análise coma **ferramenta que permite reforzar o impacto social do noso modelo de negocio**, e no que as persoas son o centro e o motor da nosa actividade, pero sen esquecer os avances que debemos abordar gradualmente noutras áreas que nos afectan. Así, durante este ano recuperamos, e incluso aumentamos, a inversión en formación das persoas traballadoras respecto niveis previos a pandemia, iniciáronse proxectos e implantáronse metodoloxías que redundan en establecer sinerxias entre persoas e equipos de traballo da Organización e apostamos por ferramentas dixitais que axudan a compartir, integrar e axilizar a xestión da información.



Persoas

1. Seguridade e Saúde.
2. Igualdade de oportunidades/Conciliación.
3. Formación.
4. Comunicación Interna.

Rede de creación de valor

5. Cálculo do noso Valor Social.
6. Xeración de emprego a persoas con discapacidade.
7. Accesibilidade Universal.
8. Sensibilización sobre discapacidade.
9. Relación con clientes.

Compromiso coa contorna

10. Comunicación Externa.
11. Cumprimento legal.
12. Ámbito rural.
13. Economía circular.
14. Cambio Climático.

Gobernanza

15. Innovación.
16. Alianzas.
17. Mellora continua.
18. Dixitalización.
19. Xestión de coñecemento.

ACCIÓNES POSITIVAS A MANTER



Xeración de emprego para persoas con discapacidade.



Sensibilización sobre a discapacidade.



Seguridade e saúde das persoas.



Igualdade de oportunidades.

ACCIÓNES A MELLORAR



Comunicación interna.



Xestión do coñecemento e formación.



Relación co ámbito rural.



Cambio climático.

* Aspectos materiais extraídos da análise da matriz de materialidade.

* Todos os elementos a valorar foron puntuados de tal maneira que entran no cuadrante de aspectos altamente relevantes (>80 puntos).


[102-44, 102-47, 103-1]

5.3 As nosas persoas




Como Organización, un dos nosos principais obxectivos é a **xeración de oportunidades laborais para as persoas con discapacidade en Galicia**. O compromiso social e humano coas persoas que compoñen as nosas empresas forman parte inherente da nosa cultura, sendo estas persoas, o principal valor sobre o que se asenta a nosa actividade.


A normalización da discapacidade, a igualdade de xénero e o apoderamento das persoas en risco de exclusión son aspectos a ter en conta de xeito inexorable para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria. Por iso, dende **COGAMI Empresarial** traballamos en crear contornas que apostan pola diversidade nas que todas as persoas poidan desenvolver as súas oportunidades en condicións de igualdade.




PERSOAS TRABALLADORAS




CONTRATOS INDEFINIDOS




PERSOAS TRABALLADORAS
CON DISCAPACIDADE




POR TIPO DE DISCAPACIDADE




PERSOAS CON DISCAPACIDADE
MAIORES DE 45 ANOS



MULLERES CON DISCAPACIDADE



PERSOAS CON DISCAPACIDADE
MENORES DE 30 ANOS



PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE
MENTAL OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL




* % de persoas consideradas en risco de exclusión que traballan nas nosas empresas.

5.4 Creación de empleo

A pesar das continuas incidencias provocadas pola pandemia, o ano 2021 caracterizouse pola paulatina reincorporación dalgunhas das persoas traballadoras que aínda quedaban afectadas polos ERTE solicitados. Tamén, foi un ano no que varias das empresas xeraron emprego debido a un aumento da carga de traballo, como é o caso de **Coregal**, **Grafinco** e **Activa Social**, que aumentaron nun 8 % os seus cadros de persoal, e **Alentae**, que como iniciativa de nova creación, incorporou á súa estrutura ata 18 persoas.

En total, **foron 103 as persoas que traballaron por primeira vez con nós**, das cales o 80,6 % ten discapacidade, permitindo seguir contribuído ao noso compromiso coa inclusión, a empregabilidade e a igualdade de oportunidades para todas as persoas da nosa contorna.

103 persoas
traballaron por primeira vez en
COGAMI Empresarial durante o 2021



PERSOAS CON DISCAPACIDADE



MULLERES




HOMES

5.5 Formación

A xestión e a formación do talento son claves en **COGAMI Empresarial** dende a perspectiva estratéxica da mellora continua. Desenvolver e **potenciar as habilidades e competencias** das persoas que conforman a nosa Organización é un factor clave para seguir mellorando nun día a día nunha contorna cada vez máis dixital e inmersa nas novas tecnoloxías.

Así, a actividade formativa para as persoas traballadoras voltou durante o ano 2021 a unha certa normalidade pese ás vagas do COVID-19, o que fixo que a inversión en formación se duplicara respecto a 2020, cando as actividades formativas se viron reducidas pero, en 2021, a inversión en formación incrementou nun 17 % respecto a 2019.



5.6 Igualdade de xénero

Dende **COGAMI Empresarial** estamos comprometidos coa igualdade, garantindo as mesmas oportunidades de acceso ao emprego e a unha retribución igualitaria, así como á eliminación de todo tipo de discriminación por razón de sexo.

Durante 2021, continuaron a desenvolverse as accións contempladas nos cinco **Plans de Igualdade** aprobados nos anos 2019 e 2020 para varias das nosas empresas. Realizáronse formacións centradas en promover e sensibilizar sobre a igualdade de xénero no eido laboral e tamén se puxo a disposición das persoas traballadoras material informativo nos centros de traballo.


En ocasións, facer atractivo un posto e a final captación de perfís femininos para traballos

tradicionalmente masculinizados (persoal operario, conducción de autobuses, xardinería...) non é doado, resultando imprescindible realizar constantes esforzos pedagóxicos para romper con prexuízos existentes. Neste senso, desenvolvéronse accións formativas de sensibilización e capacitación dirixidas ás persoas que forman parte do equipo de selección, co obxectivo de que as ofertas publicadas sexan atractivas para as mulleres interesadas en traballar na nosa Organización.

En paralelo, e para reforzar esta acción, creáronse 14 alianzas con diferentes asociacións de mulleres (os coñecidos como CIM, Centro de Información ás Mulleres dos concellos de: Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, Ourense, Lugo, Ferrol, Mos e Carballo; así como con outras asociacións líderes neste eido no territorio galego), o que permite remitirlles ás mesmas as ofertas emprego que publicamos, coa intención de incrementar a presenza feminina nos nosos equipos de traballo.

No ano 2020, promoveuse un **Protocolo de prevención e actuación do acoso no traballo** para todos os nosos Centros Especias de Emprego de Iniciativa Social, coa finalidade de regular un procedemento que permita

identificar claramente unha situación de acoso, tramitar denuncias e adoptar un conxunto de medidas para canalizar e xestionar de maneira correcta e segura calquera situación desta índole. Este Protocolo comezou a aplicarse dende xaneiro de 2021.



5.7

Seguridade e saúde

A chegada do COVID-19 trastocou as nosas vidas provocando unha incerteza na que tivemos que mudar o noso estilo de vida a través de medidas restritivas nas que, tanto na vida privada coma na laboral, a importancia da existencia de espazos seguros e saudables foron máis importantes que nunca.

En 2021, coa chegada da coñecida como “nova normalidade”, as vacinas, o uso obrigatorio das máscaras e a distancia de seguridade, continuamos a facer fronte ás diferentes vagas da pandemia, afrontando retos diarios

que puxeron a proba a nosa adaptabilidade e flexibilidade como Organización.

*As actividades ás que se dedican as empresas de **COGAMI Empresarial** son moi diversas polo que, ademais de seguir as recomendacións sanitarias e lexislativas vixentes en cada momento, foi imprescindible a busca de diferentes solucións atendendo ás necesidades de cada centro de traballo creándose protocolos de actuación específicos que se foron adaptando progresivamente.*



| Puxemos paneis informativos.



| Incrementamos a hixiene e desinfección das instalacións.



| Instalamos dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas aos centros de traballo.



| Proporcionamos máscaras ás persoas traballadoras.



| Reorganizamos quendas de traballo.



| Limitamos o aforo en salas de reunións, comedores e salas de descanso.



| Incrementamos a ventilación nas nosas oficinas, e melloramos os mecanismos de ventilación mecánica.

Neste senso, identificamos aquelas actividades nas que existe un maior risco para a saúde e actuamos en consecuencia, deseñando e aplicando medidas máis rigorosas.

Máis alá da situación provocada polo COVID-19, o coidado pola saúde e o benestar do noso cadro de persoal ten sido sempre unha das nosas máximas prioridades. Todas as persoas traballan nun **posto adaptado ás súas necesidades** e contan coa cobertura dos diferentes plans de prevención de riscos laborais existentes nas diferentes empresas.

Ademais, dende a dirección do grupo, identificamos cales son aquelas actividades nas que existe un maior risco para a saúde e actuamos en consecuencia, deseñando e aplicando actuacións máis rigorosas. Por iso, en **Coregal** contamos coa certificación ISO 45001 sobre seguridade e saúde no traballo, auditada anualmente de forma externa.



EMPRESA	Incidencia homes (%)	Incidencia mulleres (%)	Incidencia Total (%)
Activa	11,27 %	6,35 %	8,96 %
Combina	8,33 %	3,09 %	5,52 %
Coregal	10,4 %	6 %	10,01 %
Dixardín	27,69 %	13,4 %	25,49 %
Hornos de Lamastelle	4,83 %	18,37 %	9,49 %
Accede	6,63 %	8,99 %	7,41 %

* Relación de accidentes de traballo con baixa disgregado por empresa e sexo por cada 100 persoas traballadoras.

5.8 Rede de creación de valor

Como grupo empresarial promovemos a creación de valor para as persoas con discapacidade e, deste xeito, facilitar a súa realidade no ámbito social e laboral. Para nós, é vital complementar esta tarefa de sensibilización e normalización a través das actividades que realizamos con outras institucións e **entidades da economía social** co obxectivo final de construír unha sociedade máis xusta e diversa. Por iso é habitual a formalización de convenios de colaboración, a participación en foros e a promoción de proxectos conxuntos coa sociedade civil, entidades públicas, centros educativos e de coñecemento, así como con outras iniciativas privadas, fomentando a creación de valor e coñecemento conxunto.

A colaboración con centros formativos e de coñecemento tamén é algo habitual na nosa Organización. Aínda que as vagas da pandemia limitaron durante o primeiro período do ano a incorporación de persoas en prácticas, pouco a pouco esta dinámica que sempre aporta unha gran riqueza para ámbalas partes foi volvendo á normalidade, acolléndose en diferentes períodos formativos a un total de 12 persoas.

Alén dos convenios con centros formativos, existen outro tipo de colaboracións moi importantes para o noso grupo. Un claro exemplo, polo seu carácter social, é o de **Activa Social**. O seu principal obxectivo é cooperar con entidades de carácter formativo e de captación de perfís das persoas que forman parte de devanditas organizacións ou fundacións que, na súa maioría, acollen a persoas con algún tipo de discapacidade.

12 persoas
en prácticas.

2.582 h.
totais de prácticas.

215 h./persoa.

9 convenios de colaboración
formalizados con centros formativos.



5.9

2021: Un ano de actividade social

xaneiro

Os recursos humanos no Terceiro Sector. Cambiando Paradigmas: o valor das persoas, organizado por ERLAC.

marzo

Creación do grupo para a elaboración da primeira Guía de compostaxe: DIXARDÍN participa nun grupo de traballo para a elaboración dunha guía impulsada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia sobre como abordar os retos e potencialidades da compostaxe nos concellos gallegos.



xuño

VIII Feira de Emprego organizada pola Cámara de Comercio de A Coruña.

Normalización da contabilidade social. (Bilbao).

Asistencia ao curso de verán organizado pola Universidade do País Vasco centrado nas tendencias actuais sobre cálculo do valor social.

febreiro

Cálculo Integrado do Valor Social.

Por primeira vez realízase o cálculo do valor integrado de **COGAMI** como Organización, eido social máis parte empresarial. Os resultados foron comunicados a través dunha campaña na que se puxo en valor a riqueza xerada máis alá dos resultados financeiros.



abril

Implantando novas metodoloxías baseadas no Design Thinking.

Xerencias e persoal técnico de **COGAMI Empresarial** participaron nunha formación sobre técnicas de ideación e cocreación. Desta formación xorde un grupo de traballo que se reúne bimestralmente co fin de abordar retos futuros e do día a día dunha forma diferente.



Feira internacional de Alimentos e Bebidas de Galicia- Clúster Alimentario de Galicia.

HORNOS DE LAMASTELLE participa na 1ª edición *online* organizada polo Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA).

xullo

Participación do equipo de RRHH na *Innovation in human resources development in inclusive enterprises* organizado pola Federación de Empresas de Trabajo Adaptado (EWETA).



setembro

IX Congreso de GEACCOUNTING: Medindo o que importa.

Asistencia co obxectivo de afianzar as metodoloxías para o cálculo do valor social e compartir boas prácticas do sector.



Conferencia polo 25 aniversario do EASPD: O futuro é agora. Tecnoloxía centrada nas persoas para mellorar os servizos e así empoderar á xente con discapacidade (Bruxelas).

Participación conxunta de **COGAMI Social** e **COGAMI Empresarial** no congreso promovido pola EASPD, organización que defende os dereitos das persoas con discapacidade a nivel europeo.



novembro

Visita a COREGAL de estudantes do máster en Sostibilidade da UDV.

outubro

COREGAL visita Municipalia 2021: Feira Internacional de equipamentos e servizos municipais (Tarragona).



HORNOS DE LAMASTELLE recoñecida co Indicador ARDÁN de Empresa ben xestionada 2021 pola Zona Franca de Vigo.

Esta distinción realízase ás empresas que simultaneamente e durante tres anos consecutivos cumpren con: crecemento dos ingresos, rendibilidade, produtividade e liquidez; con valores por riba da media do seu sector.




Acordo coa UDC para desenvolver proxectos de Aprendizaxe e Servizo.

Colaboración coa USD sobre empresas na economía social no contexto do COVID-19.

5.10

Contribuíndo aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

Como axentes cun impacto directo na vida das persoas coas que nos relacionamos, dende **COGAMI Empresarial** estamos comprometidos en utilizar de guía e inspiración para as nosas actuacións e estratexias os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**, e contribuír así á construción dunha sociedade máis xusta e sostible.



- * En **COGAMI Empresarial** somos **711 persoas traballadoras**.
- * 103 persoas traballaron por primeira vez con nós, das que o **80,6 %** **ten discapacidade**.



- * Impartíronse **2.739 h. de formación** e acolléronse **12 persoas en prácticas**.
- * **Accede Social** comeza unha **nova liña de actividade na formación** de persoal acompañante de transporte adaptado.



- * **5 Plans de Igualdade**.
- * **1 Protocolo único contra o acoso** para todas as empresas do grupo.
- * **14 convenios de colaboración** con entidades de mulleres.



- * O 85,5 % das persoas que traballan en **COGAMI Empresarial** ten recoñecido algún tipo de **discapacidade**.
- * O 52,9 % das persoas que traballan en **COGAMI Empresarial** son **persoas maiores de 45 anos con algún tipo de discapacidade**.



- * 2 iniciativas empresariais son froito de **alianzas estratéxicas** co Grupo Inditex.
- * 9 **convenios con centros formativos**.
- * **Activa Social** colabora con 14 entidades para a **mellora da empregabilidade** dos membros das mesmas.
- * Convenios con 3 concellos galegos para **explorar novas liñas de negocio**.



- * **Grafinco** obtén o **estándar FSC**, que certifica a procedencia da materia prima de bosques sostibiles.
- * Tres ISO 14001 en **Sistemas de Xestión Ambiental** (**Trameve, Dixardín e Coregal**).



- * 43.093 toneladas de **residuos valorizados**.
- * **Segunda vida** para 17.625 pezas de vehículos.
- * **Dixardín** participa nun grupo de traballo organizado pola Xunta de Galicia para a elaboración dunha **guía da compostaxe**.



- * Máis de 5 millóns de **máscaras cirúrxicas tipo IIR** producidas por **Alentae**.
- * Aplicación de **protocolos e medidas COVID** en todos os centros de traballo.
- * **Coregal** conta coa ISO 45001 (**Sistemas de xestión da seguridade e saúde no traballo**).

5.11 Cálculo do valor social

A **contabilidade social**² permítenos medir o **valor social** que xeramos na nosa contorna, calculando en euros o impacto positivo que lle producimos aos nosos grupos de interese.

En 2019, **COGAMI Social** comezou a medir o seu valor social³. A esta inquietude uniuse **COGAMI Empresarial** en 2020 e, durante 2021, procedeuse a realizar un cálculo integrado de **COGAMI**, ámbito social e ámbito empresarial. Tamén en 2021, **comezamos a medir o valor social nas nosas entidades** para así coñecer con máis detalle o valor que achega cada unha delas⁴.

Coa contabilidade social obtemos unha **conta de resultados social**, que nos permite ver



máis aló da conta de resultados económica: por exemplo, para coñecer a evolución anual do valor social xerado ou canto lle achegamos a cada un dos nosos grupos de interese. Isto axudaranos a seguir, con máis detalle, a consecución da nosa misión como centros especiais de emprego de iniciativa social e entidades da economía social.

² Seguimos o Modelo Politétrico de Contabilidade Social ([máis información](#)), desenvolvido polas Universidades de Deusto e do País Vasco e promovido por [GEAccounting](#).

³ <https://www.cogami.gal/conecenos/transparencia/valor-social/>

⁴ Facémolo no marco do proxecto Unidade Valor Social, no que participan 7 CEEIS de COGAMI Empresarial e que esta cofinanciado polo FSE e convocado por CEPES.

A nosa contabilidade social agrúpase en dúas grandes categorías:

Valor social de mercado: transaccións ou relacións que teñen como contrapartida un gasto ou ingreso e que son recollidas nas contas financeiras. Por exemplo, os salarios e os impostos que pagamos. Pero tamén transaccións económicas indirectas como os salarios ou impostos que pagan os nosos provedores coas nosas compras.

Valor social de non mercado: achegas de valor que non teñen como contrapartida un gasto ou ingreso e que non están recollidas nas contas financeiras. Isto permítenos calcular en euros gran parte dos efectos positivos xerados e así facelos máis visibles. Por exemplo: facilitar a creación de emprego ou a transición ao emprego non protexido, a normalización e visibilidade da discapacidade no mundo empresarial ou os aforros á administración (como o aforro en prestacións non contributivas).

Da combinación das dúas anteriores obtemos o denominado **valor social integral**.

Valor social para o exercicio 2021

Empresas analizadas (7)

Accede Social, Alentae, Combina Social, Coregal, Dixardín, Integratex e Trameve.

Efecto multiplicador

As sete empresas **achegaron un valor social de case 27 millóns de euros** en 2021. Sendo 25,6 millóns o valor social de mercado e 1,3 millóns de no mercado.


Administracións públicas	3.775.456 €
Persoas traballadoras	8.801.208 €
Clientes	16.699.783 €
Provedores	3.159.641 €
COGAMI Social e Empresarial	802.006 €
Retido polas empresas	2.622.327 €
Familias das persoas traballadoras	26.404 €
Ecosistema da economía social	678.270 €
Entidades financeiras	193.553 €

VALOR SOCIAL XERADO POLAS SETE EMPRESAS
AOS SEUS GRUPOS DE INTERESE (2021)



1 € ingresado ➤ 1,93 € á sociedade

1 € financiación pública ➤ 12,48 € á sociedade



VALOR SOCIAL XERADO COMPARADO CO FINANCIAMENTO
PÚBLICO E A CIFRA DE NEGOCIOS (2021)

5.12

Compromiso coa contorna

A sostibilidade dunha organización caracterízase pola atención que esta presta ao coñecido como triplo balanço: social, financeiro e ambiental. **COGAMI Empresarial**, como proxecto, ten altamente integrado no seu núcleo de actividade os dous primeiros aspectos. Como organización centrada nas persoas, e na xeración de oportunidades de emprego para as persoas con discapacidade en Galicia, debemos manter iniciativas empresarias saneadas e competitivas que permitan o cumprimento desta misión.


Porén, non esquecemos o compromiso que debemos ter en coidar a nosa contorna e contribuír aos grandes desafíos globais do século XXI como son o cambio climático ou a sobreexplotación dos recursos, grandes retos cun impacto directo e transversal nas outras dúas áreas, social e

financeira, de calquera organización. Pero tamén é certo que, desta necesidade de transitar cara a modelos produtivos máis sostibles, xorden oportunidades na mellora da eficiencia dos procesos, incremento da competitividade ou mesmo novas oportunidades de negocio.

Neste sentido, **COGAMI Empresarial** xa conta con empresas nas que, de maneira directa, a súa actividade está vencellada ao ámbito da economía circular e da xestión sostible dos recursos. É o caso de **Coregal**, centrada na xestión de residuos non perigosos, especialmente cartón e plástico, e que en 2021 comezou a xestionar residuos procedentes da **recollida do colector marrón ou orgánico (tamén coñecido como 5ª fracción), e a desenvolver campañas de sensibilización ambiental.**

Tanto **TRAMEVE**, **COREGAL** como **DIXARDÍN** contan coa certificación ISO 14001 en Sistemas de Xestión Ambiental.

Neste 2021 **GRAFINCO** acadou tamén o estándar FSC.




Por outra banda, **Trameve**, centrada na xestión de residuos dos vehículos fóra de uso de forma eficiente, basea o seu modelo de negocio en **valorizar e dar unha segunda vida ás súas pezas materiais.**

Dixardín, dedicada á xestión e mantemento de zonas verdes, tamén está explorando as **oportunidades e potencialidades que ofrece a compostaxe de materia orgánica** a través de proxectos piloto como o que leva a cabo no concello de Ames. Grazas a este coñecemento, durante o 2021, persoal técnico da empresa participou nunha mesa de traballo convocada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para a elaboración dunha guía de compostaxe para a comunidade galega.


| Indicadores de xestión de residuos de COREGAL para o ano 2021

51.890


TONELADAS DE RESIDUOS
XESTIONADAS



% DE RESIDUO XESTIONADO EN
CADA ECOPLANTA DE COREGAL



DOS RESIDUOS
VALORIZÁNSE



TONELADAS VALORIZADAS POR TIPO DE RESIDUO

| Indicadores de xestión de VFU de TRAMEVE para o ano 2021

481

Vehículos fóra
de uso xestionados



17.625

Pezas
xestionadas



469,5

Toneladas destinadas
a reciclaxe



No ámbito das certificacións ambientais, tanto **Trameve**, **Coregal** e **Dixardín** contan coa ISO 14001, un dos estándares ambientais máis recoñecidos á hora de abordar os **sistemas de xestión ambiental**.

Por outra banda, **Grafinco**, dedicada ao deseño e impresión, acadou este ano a certificación **FSC (Forest Stewardship Council)**, que acredita que as materias primas que utiliza proceden de bosques xestionados de forma sostible.

A finais de ano, tamén se propuxo levar a cabo unha experiencia piloto de cálculo da pegada de carbono en tres da empresas do Grupo (**Coregal**, **Accede Social** e **Dixardín**), co propósito de analizar aspectos para a mellora na eficiencia enerxética e uso de dos recursos.



No concello de Ames, e coa colaboración de Adegas (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia), Dixardín recolle a materia orgánica xerada nas cociñas do C.E.I.P do Agro do Muíño e E.E.I Milladoiro para compostar nas instalacións dun viveiro municipal e que, despois de todo o proceso, se poida obter compost que se utilizará como abono orgánico para as zonas verdes da Casa do Concello.





6

GOVERNANZA

6

Gobernanza

A estrutura de gobernanza do Grupo **COGAMI Empresarial** é a seguinte: existe un **Consello de Administración** que é o órgano de representación e administración. En decembro de 2021, José Antonio Vázquez Freire, renunciou á súa condición de membro do mesmo e, nese mesmo intre, foi nomeado como novo vogal do Consello, Víctor Silva Suárez.

A nivel operativo dispoñemos de **seis Direccións Corporativas**, nas que existe paridade de xénero, máis a figura dunha xerencia responsable para cada unha das empresas, o 40 % destes postos están ocupados por mulleres.

Presidente:
Anxo Queiruga Vila

Conselleiro Delegado: Secretario:
Ramón Sestayo Lestón

Vicepresidente:
Álvaro García Bustelo

Vogal:
José Antonio Vázquez Freire
(presidente de CEGASAL) - ata decembro de 2021 -
Víctor Silva Suárez
- dende decembro de 2021 -


Vogal:
José Luis Costoya Quintela

Vogal:
José Luis Lolo Celeiro

Composición do consello de administración do Grupo Empresarial de COGAMI.



* O 100 % do Consello de Administración está formado por persoas con algún tipo de discapacidade.



O 40 % das xerencias das empresas que conforman o grupo están dirixidas por mulleres



Postos nas Direccións Corporativas ocupadas por mulleres

6.1

Código ético e de conduta

Dende o ano 2018, **COGAMI** e o seu grupo de empresas conta cun **Programa de Cumprimento Normativo** (Corporate Compliance), a través do cal a nosa Organización se adapta ás esixencias introducidas pola última reforma do Código Penal (Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo) en relación coa responsabilidade penal das persoas xurídicas.

O Código de Conduta ten por peza basilar o principio de dilixencia debida, é dicir, que cada quen, na súa responsabilidade, deberá facer todo o que estea nas súas mans para previr, denunciar e erradicar calquera tipo de conduta contraria a dereito ou que dane os seus contidos ou os do Código Ético. A tal fin, este Código dispón dun conxunto de principios fundamentais que rexen o xeito no que a

Organización desempeña as súas tarefas. Para acadar ese obxectivo, o Programa de Cumprimento Normativo de **COGAMI** apóiase nos seguintes instrumentos:

- Un **Manual de prevención e resposta ante o delito** que inclúe, por unha banda, a análise de riscos penais relativos as distintas áreas de actividade da nosa Organización, coa valoración da súa potencial gravidade e as súas consecuencias xurídicas (mapa de riscos); e, por outra banda, medidas e protocolos de prevención e resposta ante delitos e graves infraccións administrativas.
- **Normas, protocolos e procedementos de actuación específicos** para cada ámbito de actividade.

➤ **Sistema de Xestión Informatizada do Cumprimento** (SXIC), que permite individualizar responsabilidades mediante o seguimento dos procesos de decisión, e capturar evidencias, acoutando os espazos de actuación responsable.

➤ Un **Comité de Cumprimento Normativo** e unha canle de denuncias.

➤ A **formación continua** da directiva, as persoas con mandos intermedios, as persoas traballadoras e colaboradoras.



Nº de incidencias recibidas durante 2021

7




7 PRINCIPIOS
SOBRE OS
QUE SE ASENTA
ESTA MEMORIA

7

Principios sobre os que se asenta esta memoria

Na actualidade, **COGAMI Empresarial** non ten obrigatoriedade legal de facer pública esta memoria de información non financeira⁵, porén, a súa elaboración supón un exercicio de responsabilidade e transparencia cos nosos grupos de interese, ademais de servir como exercicio de planificación estratéxica e reflexión interna.

Así, tal e como promoven as políticas comunitarias e a lexislación nacional para a presentación de información deste tipo, **este informe toma como orientación as directrices propostas en marcos internacionais de referencia** como son os Principios do Pacto Mundial de Nacións Unidas e o Marco para a Elaboración de Informes Global



Reporting Initiative (GRI)⁶. O seguimento destas pautas, permítenos a estruturación da mesma acorde aos marcos estandarizados e recoñecidos internacionalmente.

⁵ A norma de referencia no relativo á divulgación non financeira e información sobre diversidade é a Lei 11/2018, na que se recolle a información que debe conter unha memoria destas características, quen ten a obriga de facela, e facilita directrices e marcos de referencia sobre os que apoiarse.

⁶ O material que se recolle nesta guía fai referencia aos estándares GRI 101: Fundamentos (2016), GRI 102: Contidos xerais (2016), GRI 103 Enfoque de xestión (2016), GRI 201: Desempeño económico (2016), GRI 205: Anticorrupción (2016), GRI 306: Efluentes e residuos (2016), GRI 401: Emprego (2016), GRI 403: Seguridade e saúde (2016), GRI 404: Formación (2016), GRI 405: Diversidade e igualdade de oportunidades (2016).

Aspectos relevantes sobre os que aportamos información seguindo os principais estándares de referencia



Medio Ambiente.



Cuestións sociais e relativas ás persoas traballadoras.



Respecto aos dereitos humanos.



Información sobre a Organización.



Código de conduta.

Principios base dos que partimos para proporcionar esta información

Inclusión dos grupos de interese

Identificar aos nosos grupos de interese e manter un diálogo constante para, desta forma, poder definir como dar resposta ás súas expectativas e intereses.

Contexto de sostibilidade

Queremos contribuír á mellora das tendencias, avances e condicións económicas, ambientais e sociais a nivel local, rexional ou global, pola evidente interconexión entre os mesmos.



Materialidade

Identificar e abordar aqueles aspectos e indicadores que reflexan os impactos sociais, ambientais e económicos máis significativos para a nosa Organización, e que tamén exercen influencia sobre os nosos grupos de interese. Ademais, permítenos unha reflexión interna sobre como se están a abordar e como poden ser mellorados.

Exhaustividade

Recompilar, medir e comunicar a información referente a estes temas materiais co propósito de dar conta á sociedade da pegada e desempeño da Organización durante un exercicio.

7.1

O compás dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

En 2015 Nacións Unidas aprobaba a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible co propósito de **establecer unha folla de ruta** que procura poñer fin á pobreza, protexer o planeta e garantir a paz e a prosperidade de todas as comunidades. Esta Axenda está baseada nos coñecidos como Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), 17 obxectivos concretos pero interdependentes que poñen o foco nos retos actuais e futuros a nivel global.

A maiores do seguimento das boas prácticas impulsadas dende as iniciativas internacionais mencionadas, dende **COGAMI Empresarial** tamén debemos tomar como referencia estes ODS, polo seu amplo recoñecemento por todos os axentes sociais, e porque moitos deles teñen



un aliñamento natural coa misión e obxectivos da nosa Organización.

A este propósito, dende **COGAMI Empresarial**, formamos parte no 2020 dun grupo de traballo promovido pola Federación Española de Asociacións de Centros Especiais de Emprego (FEACEM) e BBVA, baixo o nome **Contribución dos Centros Especiais de Emprego aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible**. Este traballo serviunos como base para identificar a nosa contribución aos ODS, e telos máis presentes como inspiración na toma de decisións. Como **COGAMI Empresarial**, o noso compromiso esténdese aos 17, porén consideramos que a nosa actividade impacta de maneira máis directa en 8 deles:

ODS principal



ODS prioritarios



ODS transversais





8

ANEXOS

| Índice de Contidos de GRI⁷

Contido		Números de páxina
PERFIL DA ORGANIZACIÓN		
102-1	Nome da Organización	9
102-2	Actividades, marcas, produtos e servizos	11-23, 27
102-3	Localización da sede	9
102-4	Localización das operacións	9, 27, 35
102-5	Propiedade e forma xurídica	9
102-6	Mercados servidos	11, 12, 27
102-7	Tamaño da Organización	10, 11, 12, 42
102-8	Información sobre persoas empregadas e outras persoas traballadoras	9, 10, 12, 42
102-10	Cambios significativos na Organización e na súa cadea de subministro	33
102-13	Afiliación a asociacións	9, 28
ESTRATEGIA		
102-14	Declaración de altos executivos/os responsables da toma de decisións	5, 27, 45

ÉTICA E VALORES		Números de páxina
102-16	Valores, principios, estándares e normas de conduta	9, 45, 60, 63, 64
102-17	Mecanismos de asesoramento e preocupacións éticas	45, 60
GOBERNANZA		
102-18	Estrutura de gobernanza	59
102-20	Responsabilidade a nivel executivo de temas económicos, ambientais e sociais	59
102-21	Consulta a grupos de interese sobre temas económicos, ambientais e sociais	39
102-22	Composición do máximo órgano de goberno e os seus comités	59
102-23	Presidente do máximo órgano de goberno	59
102-26	Función do máximo órgano de goberno na selección de propósitos, valores e estratexia	60
102-29	Identificación e xestión de impactos económicos, ambientais e sociais	10, 57

⁷ O material que se recolle nesta guía fai referencia aos estándares GRI 101: Fundamentos (2016), GRI 102: Contidos xerais (2016), GRI 103 Enfoque de xestión (2016), GRI 201: Desempeño económico (2016), GRI 205: Anticorrupción (2016), GRI 306: Efluentes e residuos (2016), GRI 401: Emprego (2016), GRI 403: Seguridade e saúde (2016), GRI 404: Formación (2016), GRI 405: Diversidade e igualdade de oportunidades (2016).

Contido	Números de páxina
PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE	
102-40 Lista de grupos de interese	38
102-42 Identificación e selección de grupos de interese	38
102-43 Enfoque para a participación dos grupos de interese	30, 38
102-44 Temas e preocupacións chave mencionados	30, 40
PRÁCTICAS PARA A ELABORACIÓN DE INFORMES	
102-47 Lista de temas materiais	40
102-50 Período obxecto do informe	7
102-51 Data do último informe	7
102-52 Ciclo de elaboración de informes	7
102-53 Punto de contacto para preguntas sobre o informe	7
102-54 Declaración de elaboración do informe de conformidade cos estándares GRI	63
102-55 Índice de contidos GRI	66
102-56 Verificación externa	28, 57
ENFOQUE DE XESTIÓN	
103-1 Explicación do tema material e a súa Cobertura	30, 32, 40, 42, 43
103-2 O enfoque de xestión e os seus compoñentes	37-48
103-3 Avaliación do enfoque de xestión	40
DESEMPEÑO ECONÓMICO	
201-1 Valor económico directo xerado e distribuído	10, 12
201-4 Asistencia financeira recibida do goberno	30
IMPACTOS ECONÓMICOS INDIRECTOS	
203-2 Impactos económicos indirectos significativos	54

ANTICORRUPCIÓN	Números de páxina
205-1 Operacións avaliadas para riscos relacionados coa corrupción	60
205-2 Comunicación e formación sobre políticas e procedementos anticorrupción	60
MATERIAIS	
301-2 Insumos reciclados	55, 56
EFLUENTES E RESIDUOS	
306-2 Residuos por tipo e método de eliminación	57
EMPREGO	
401-1 Novas contratacións de persoas empregadas e rotación de persoal	40, 44, 47
SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO	
403-2 Tipos de accidentes e taxas de frecuencia de accidentes, enfermidades profesionais, días perdidos, absentismo e número de mortes por accidente laboral ou enfermidade profesional	48
403-9 Lesións por accidente laboral	47
FORMACIÓN E ENSINO	
404-1 Media de horas de formación ao ano por persoa empregada	44
DIVERSIDADE E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	
405-1 Diversidade en órganos de goberno e persoas empregadas	10, 12, 45, 59
COMUNIDADES LOCAIS	
413-1 Operacións con participación da comunidade local, avaliacións do impacto e programas de desenvolvemento	48, 50

| Índice de contidos de Obxectivos Desenvolvemento Sostible

	Obxectivo de Desenvolvemento Sostible									Grupos de interese	Referencia
	3 SALUD Y BIENESTAR	4 EDUCACIÓN DE CALIDAD	5 IGUALDAD DE GÉNERO	8 TRABAJO DECENTE Y CRECIMIENTO ECONÓMICO	10 REDUCCIÓN DE LAS DESIGUALDADES	12 PRODUCCIÓN Y CONSUMO RESPONSABLES	13 ACCIÓN POR EL CLIMA	16 PAZ, JUSTICIA E INSTITUCIONES SÓLIDAS	17 ALIANZAS PARA LOGRAR LOS OBJETIVOS		
Creación de emprego para persoas con discapacidade				X	X					T, CS, A	páx. 11, 36, 43, 44
Creación de emprego para persoas en risco de exclusión				X	X					T, CS, A	páx. 11, 36, 43, 44
Apoio ás persoas traballadoras na transición ao emprego non protexido				X	X					T, CS, A	páx. 49
Normalización e visibilidade da discapacidade no ámbito empresarial				X	X					CS, A	páx. 36, 43, 44
Formación das persoas traballadoras		X								T	páx. 29, 45
Transformación dixital e automatización de procesos		X			X					T, C	páx. 33
Impulso de novas liñas de negocio	X	X								T	páx. 29, 31, 36
Plans de Igualdade e Protocolo contra o acoso		X	X							T	páx. 46
Protocolo de seguridade e saúde	X									T	páx. 48
Participación e impulso do ecosistema da economía social								X		K, A, CS	páx. 49, 55
Alianzas estratéxicas para fomentar o emprego das persoas con discapacidade e oportunidades de negocio				X					X	T, CS, L	páx. 31, 49
Reciclaxe e valorización de residuos						X	X			T, C, P	páx. 57
Certificacións en estándares ambientais						X				C, P	páx. 58

GRUPOS DE INTERESE: (T) Persoas traballadoras, (CS) COGAMI Social, (A) Administracións públicas, (F) Familias, (C) Clientes, (L) Alianzas e colaboracións, (K) Centros de coñecemento, (P) Empresas provedoras.

Comparativa datos do grupo empresarial e empresas 2020-2021

COGAMI EMPRESARIAL

	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	19.170.555,45 €	24.385.745,76 €
Resultado da explotación	908.609,56 €	1.289.361,20 €
Investimentos realizados	3.154.934,00 €	4.545.384,85 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	696	711
Total mulleres	238	236
Total homes	458	475
% Persoas traballadoras con discapacidade	79 %	85,5 %
Nº contratos indefinidos	454	489
Nº contratos temporais	252	222
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade	5 Plans de Igualdade	5 Plans de Igualdade e 1 Protocolo contra o acoso en todos nosos CEEIS
Formación		
Nº accións formativas	55	40
Nº de horas de formación	1.132 h.	2.739 h.
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	6,84 %	7,35 %

GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL

	2020	2021
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	27	24
Total mulleres	16	14
Total homes	11	10
% Persoas traballadoras con discapacidade	74 %	70,8 %
Nº contratos indefinidos	26	23
Nº contratos temporais	1	1
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade	1 Plan de Igualdade	1 Plan de Igualdade e 1 Protocolo contra o acoso
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	0 %	0 %

| Comparativa datos do grupo empresarial e empresas 2020-2021



	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	1.240.440,37 €	1.259.205,58 €
Resultado da explotación	148.165,27 €	76.671,80 €
Investimentos realizados	271.497,00 €	66.476,51 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	52	51
Total mulleres	8	7
Total homes	448	44
% Persoas traballadoras con discapacidade	75 %	78,4 %
Nº contratos indefinidos	30	42
Nº contratos temporais	22	222
Indicador de actividade		
Metros cadrados de áreas verdes traballadas	-	+ 500.000 m²
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade	1 Plan de Igualdade	1 Plan de Igualdade e 1 Protocolo contra o acoso
Calidade		
Certificacións	ISO 9001 e ISO 14001	ISO 9001 e ISO 14001
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	20 %	25,49 %



Xestión integral de residuos

	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	6.856.338,73 €	9.764.791,99 €
Resultado da explotación	364.211,20 €	902.284,65 €
Investimentos realizados	2.036.979,00 €	317.476,01 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	180	195
Total mulleres	19	18
Total homes	161	177
% Persoas traballadoras con discapacidade	88 %	88,7 %
Nº contratos indefinidos	141	150
Nº contratos temporais	39	45
Indicador de actividade		
Toneladas de residuos xestionadas	38.453,32 T	42.624 T
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade	1 Plan de Igualdade	1 Plan de Igualdade e 1 Protocolo contra o acoso
Calidade		
Certificacións	ISO 9001, ISO45001 e ISO 14001	ISO 9001, ISO45001 e ISO 14001
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	11,6 %	10,01 %

Comparativa datos do grupo empresarial e empresas 2020-2021



	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	559.005,00 €	479.527,47 €
Resultado da explotación	100.737,47 €	87.335,29 €
Investimentos realizados	27.340,00 €	25.647,37 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	13	11
Total mulleres	0	0
Total homes	13	11
% Persoas traballadoras con discapacidade	87 %	84,6 %
Nº contratos indefinidos	12	11
Nº contratos temporais	1	0
Indicador de actividade		
Pezas xestionadas procedentes de VFU	23.220	17.625
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade		1 Protocolo contra o acoso
Calidade		
Certificacións	ISO 9001 e ISO 14001	ISO 9001 e ISO 14001
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	14,7 %	0 %



	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	170.712,15 €	477.707,3 €
Resultado da explotación	-33.613,74 €	-6.918,44 €
Investimentos realizados	5.806,00 €	169,30 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	2	2
Total mulleres	1	1
Total homes	1	1
% Persoas traballadoras con discapacidade		
Nº contratos indefinidos	1	2
Nº contratos temporais	1	0
Indicador de actividade		
Vehículos vendidos		31
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade		1 Protocolo contra o acoso
Calidade		
Certificacións	ISO 9001 e ISO 14001	ISO 9001 e ISO 14001
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	0 %	0 %

| Comparativa datos do grupo empresarial e empresas 2020-2021



	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	393.784,84 €	677.674,04 €
Resultado da explotación	-39.376,03 €	-32.569,53 €
Investimentos realizados	45.453,00 €	109.556,61 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	12	13
Total mulleres	2	2
Total homes	10	13
% Persoas traballadoras con discapacidade	92 %	92,3 %
Nº contratos indefinidos	12	12
Nº contratos temporais	0	1
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade		1 Protocolo contra o acoso
Calidade		
Certificacións		FSC (Forest Stewardship Council)
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	0 %	0 %



	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	812.510,66 €	1.189.641,57 €
Resultado da explotación	39.774,35 €	-12.663,16 €
Investimentos realizados	245.855,00 €	0 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	65	61
Total mulleres	20	20
Total homes	45	41
% Persoas traballadoras con discapacidade	100 %	85 %
Nº contratos indefinidos	37	37
Nº contratos temporais	28	24
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade		1 Protocolo contra o acoso
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	0 %	7,41 %

| Comparativa datos do grupo empresarial e empresas 2020-2021

INTEGRATEX

	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	858.804,61 €	970.696,41 €
Resultado da explotación	-12.582,03 €	1.105,32 €
Investimentos realizados	7.545,00 €	426.744,64 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	29	24
Total mulleres	24	20
Total homes	5	4
% Persoas traballadoras con discapacidade	93 %	95,8 %
Nº contratos indefinidos	18	16
Nº contratos temporais	11	8
Indicador de actividade		
Artigos vendidos	-	59.064
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade		1 Protocolo contra o acoso
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	0 %	0 %



	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	4.569.486,31 €	5.721.405,15 €
Resultado da explotación	436.814,23 €	596.314,780 €
Investimentos realizados	407.942,00 €	652.184,46 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	98	97
Total mulleres	38	31
Total homes	60	66
% Persoas traballadoras con discapacidade	94 %	94,8 %
Nº contratos indefinidos	82	80
Nº contratos temporais	16	17
Indicador de actividade		
Toneladas de masa forneada	-	Máis de 2 T
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade	1 Plan de Igualdade	1 Plan de Igualdade e 1 Protocolo contra o acoso
Calidade		
Certificacións	ISO 9001	ISO 9001
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	9,2 %	9,49 %

| Comparativa datos do grupo empresarial e empresas 2020-2021



	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	556.492,23 €	306.656,59 €
Resultado da explotación	-24.656,11 €	-342.239,12 €
Investimentos realizados	85.611,00 €	2.882.223,72 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	2	20
Total mulleres	0	8
Total homes	2	12
% Persoas traballadoras con discapacidade	100 %	85 %
Nº contratos indefinidos	1	9
Nº contratos temporais	1	11
Indicador de actividade		
Número de máscaras vendidas	-	3.844.954 unidades
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade		1 Protocolo contra o acoso
Calidade		
Certificacións	CPP (Certificado de Produto Farmacéutico). Homologación e Certificación da Axencia Española do Medicamento	
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	0 %	0 %



	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	725.570,81 €	614.764,14 €
Resultado da explotación	97.249,43 €	54.365,50 €
Investimentos realizados	6.549,00 €	383,25 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	24	26
Total mulleres	11	13
Total homes	13	13
% Persoas traballadoras con discapacidade	79 %	88,5 %
Nº contratos indefinidos	4	4
Nº contratos temporais	20	22
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade		1 Protocolo contra o acoso
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	20 %	8,96 %

| Comparativa datos do grupo empresarial e empresas 2020-2021



	2020	2021
Datos económicos		
Facturación	2.122.808,00 €	2.250.857,41 €
Resultado da explotación	149.506,66 €	195.850,54 €
Investimentos realizados	8.329,00 €	5.465,89 €
Datos de persoal		
Total persoas traballadoras	192	187
Total mulleres	99	102
Total homes	93	85
% Persoas traballadoras con discapacidade	92 %	91 %
Nº contratos indefinidos	89	103
Nº contratos temporais	103	84
Igualdade e Conciliación		
Existencia de Plan de Igualdade	1 Plan de Igualdade	1 Plan de Igualdade e 1 Protocolo contra o acoso
Prevención de riscos		
% de accidentes por total de persoas traballadoras	3,6 %	5,52 %

COGAMI

EMPRESARIAL

*Rúa República Checa, nº 17
Parque Empresarial Costa Vella
15.707 Santiago de Compostela
A Coruña*

Teléfono: 981 519 026